

SONIA RODRÍGUEZ-CAMPOS_(srcampos@uvigo.es; sonia.rodriguez-campos@xunta.es)_Profesora Titular de Dereito Administrativo da Universidade de Vigo_Directora da Escola Galega de Administración Pública, España

O fomento do turismo cultural desde o sector público: o caso da rede de paradores *

El fomento del turismo cultural desde el sector público: el caso de la red de paradores

Fostering Cultural Tourism from the Public Sector

&Resumo: O turismo é un sector esencial e estratéxico da economía nacional. Como se desprende deste traballo, a intervención directa do Estado mediante a explotación e xestión de redes hoteleiras xustifícase, como no caso de calquera empresario privado, na obtención de rendibilidade. Pero non só nisto. Tamén na promoción turística de lugares que malia a súa beleza son pouco rendibles para a iniciativa privada, así como na defensa do patrimonio cultural español. A estes fins obedece de forma sinalada a rede de paradores que, malia os cambios experimentados no seu réxime xurídico, constitúe no noso país o máis claro expoñente dun turismo de calidade articulado sobre a rehabilitación de inmobles monumentais e o fomento do patrimonio cultural e natural.

&Palabras clave: turismo cultural, fomento, Patrimonio Histórico, paradores, empresa pública, rehabilitación, desenvolvemento sostible; v, interese público.

&Abstract: Tourism is an essential and strategic sector of the national economy. As it is argued in this article, direct intervention from the State towards the exploitation and management of hotel networks is justified, as it is the case with any other private entrepreneur, in securing rentability. But it is not only this. Besides, it is justified by the tourist promotion of places that despite their beauty are not very profitable for private initiative as well as the defense of Spanish cultural heritage. The network of paradores responds to these aims, which, in spite of changes introduced in its regulation, constitutes the most clear exponent of a tourism of quality in our country, articulated on the basis of the restoration of monumental real estate and the promotion of natural and cultural heritage.

&Key words: cultural tourism, historic heritage, paradores, public enterprise, restoration, sustainable development, public interest

* O presente traballo constitúe a achega da autora á obra colectiva "El camino de Santiago y otros itinerarios" actualmente en prensa.

Preliminar

A consideración do turismo como sector estratéxico da economía nacional motiva, a comezos do século XX, certa intervención pública dirixida a fomentar a entrada de estranxeiros en España e a ditar medidas de policía u ordenación no incipiente sector. A mesma consideración e o incremento exponencial da afluencia turística no noso país xustifican que, sen abandonar as devanditas actuacións, a partir de 1951 a Administración comece a ostentar e exercitar facultades de intervención directa na actividade turística, chegando mesmo a articular diversos instrumentos para operar no sector como un empresario máis¹.

En efecto, durante os anos vindeiros o Estado asume actividades concretas dirixidas a facilitar o aloxamento e manutención dos turistas, a organizar viaxes e mesmo a realizar de feito o transporte. Entre estas facetas merece ser salientada a xestión e explotación hoteleira mediante dous instrumentos paradigmáticos da devandita intervención: a *Empresa Nacional de Turismo S. A. (ENTURSA)* e a rede de albergues e paradores, incardinados primeiro na propia Administración e desde 1990 na sociedade estatal denominada *Paradores de Turismo de España, S. A.*

Polas razóns que máis adiante se esporán, actualmente esta sociedade aglutina a totalidade dos establecementos turísticos estatais dando mostras dunha xestión que, aínda que en réxime de libre competencia, se rexe por certos parámetros alleos ao resto dos empresarios do sector. Ilustrativa ao respecto é a localización dos paradores en lugares escollidos da nosa xeografía e en edificios emblemáticos polo seu valor histórico-artístico, situación que á súa vez habilita o fomento da cultura e das tradicións propias das distintas rexións peninsulares. Este aspecto é esencial aos efectos que aquí interesan porque contribuíu decisivamente a dotar á rede dunha identidade propia e a convertela nun dos máis claros expoñentes do turismo cultural no noso país.

I. INTRODUCCIÓN AO SECTOR PÚBLICO TURÍSTICO

A intervención directa do Estado no turismo dá comezo cun Decreto de 13 de outubro de 1949 polo que se encomenda ao Instituto Nacional de Industria (en adiante INI) a creación dunha empresa mixta para a explotación dos transportes turísticos por estrada. Non é outro o fin social de *Autotransportes Turísticos Sociedad Anónima (ATESA)*, que constitúe, no que agora interesa, o primeiro referente do sector público turístico. Integrada no devandito grupo, dótaselle dun parque de autocares e de vehículos dando comezo a súa actividade como empresa transportista e de aluguer de coches. En 1961 amplía as súas actividades coa prestación de servizos como axencia de viaxes por xunto e retallista, aspecto este que se intensifica coa compra de *Viaxes Marsans, S.A.*².

Haberían de pasar bastantes anos para a constitución doutra empresa pública no sector, se ben dedicada á construción de establecementos turísticos de calidade: a *Empresa Nacional de Turismo S. A. (ENTURSA)*. Esta entidade vincúlase tamén ao INI, que a constitúe por escritura pública de 14 de febreiro de 1964 subscribindo un capital totalmente liberado de trescentos millóns de pesetas que podería incrementarse co paso dos anos. A tal fin, pouco antes o Consello de Ministros pronunciárase favorablemente sobre a creación dunha empresa cuxo obxecto sería o previsto no art. 1 do Decreto 3221/1963, de 22 de novembro: “a construción de aloxamentos turísticos e complexos deportivos a eles anexos, a creación e mellora de caza e pesca e aquelas outras obras e construcións turísticas que o Goberno lle encomende”.

Polo demais, o mesmo precepto prevía tamén a incorporación á nova empresa das instalacións hoteleiras que a tal data dependesen directa ou indirectamente do INI, previsión

que no seu caso habería de comportar a explotación das mesmas. Non foi outro o destino do Hostal dos Reis Católicos de Santiago de Compostela que, dependente do devandito Instituto, foi traspasado a ENTURSA o mesmo ano en que se creou esta. Pero antes de entrar en maiores consideracións ao respecto, debe advertirse que o obxecto social referido nunca foi exclusivo desta sociedade estatal. Como poderá comprobarse no seguinte epígrafe, o Estado viña construíndo e explotando establecementos turísticos con anterioridade á constitución da mesma.

En efecto, desde 1928 a devandita intervención encomendárase a sucesivos órganos administrativos dos que dependeron os albergues e paradores. É o caso do *Padroado Nacional de Turismo (1928-1938)* e da *Dirección Xeral de Turismo (1939-1951)*. O seguinte paso importante prodúcese en 1958, pois a prestación de servizos de aloxamento turístico pasa a realizarse mediante un organismo autónomo de nova creación: a *Administración Turística Española (ATE)*. Esta asume entón a explotación e a xestión da “*Rede de Establecementos Turísticos propiedade do Estado*”, cadea que comprendía catro clases: paradores, albergues de estrada, refuxios de montaña e hosterías³.

Poucos anos despois da creación do devandito órgano administrativo, a *Empresa Nacional de Turismo S.A. (ENTURSA)* faríase tamén cargo da xestión e explotación de establecementos turísticos, e iso aínda cando, conforme á idea orixinal, as devanditas funcións debería exercelas o empresario privado mediante arrendamento.

A ampliación do cometido de ENTURSA obedece a criterios de rendibilidade, o que tamén xustifica o abandono da idea orixinal de hoteis de carácter monumental e a opción, en consecuencia, por outras instalacións máis convencionais que razoablemente comportarían un menor custo. Aínda así, porén, a empresa non chegou a obter os beneficios esperados e a súa influencia no conxunto da oferta hoteleira española foi escasa. Proba diso é que, comparada co outro organismo público que se dedicou á mesma finalidade —é dicir, a *Administración Turística Española (ATE)*— resulta que mentres ENTURSA só chegou a explotar doce hoteis, a rede que esta xestionaba acadou os oitenta e nove establecementos en 1982⁴. Isto supón que a comezos dos anos oitenta o Estado xestionaba un centenar de aloxamentos de natureza moi diversa (desde hoteis en edificios monumentais a hoteis de cidade⁵, pasando por establecementos en destinos de praia).

A faceta hoteleira do Estado e os seus dous instrumentos —ATE e ENTURSA— mantivéronse sen cambios substanciais ata que se traspasa ao sector privado a *Empresa Nacional de Turismo*. A este resultado chégase tras un proceso que se inicia a finais de 1984, coincidindo cun cambio de dirección do INI que formula, entre outras medidas de recuperación, unha reestruturación baseada en tres criterios: primeiro, *alleamento de empresas cuxo negocio estaban fortemente internacionalizados*; segundo, *venda de empresas cuxa liña de negocio non era de interese para o grupo*; e terceiro, *disolución das empresas en casos de inviabilidade manifesta*.

Considerando que ENTURSA só obtivo beneficios durante os seus primeiros anos de funcionamento e que, por isto mesmo, modernizar os seus hoteis comportaba unha notable dificultade, a súa venda perfilábase como a mellor alternativa no marco dunha política máis ampla de privatización industrial e empresarial posta en marcha polo executivo. É así que o 20 de novembro de 1985 o Consello de Ministros autoriza a devandita operación a favor de “*Hoteles de Lujo Españoles*” pola totalidade das accións representativas do capital social valoradas en 5186 millóns de pesetas. Deste modo líquidase a *Empresa Nacional de Turismo*, cuxa existencia fora reiteradamente posta en entredito por coincidir a súa actividade —a explotación de hoteis singulares e de calidade— coa de ATE. Neste organismo pasan a

integrarse, precisamente, tres establecementos de ENTURSA que pola súa monumentalidade ou posición estratéxica se exclúen do traspaso referido: o *Hostal dos Reis Católicos*, o *Hostal de San Marcos* e o *Hotel Muralla de Ceuta*.

Análogo final tería a outra empresa pública mencionada —*Autotransporte Turístico Español, S.A (ATESA)*-, sendo tamén razóns de índole económica as que avalan a súa privatización. De acordo co antes sinalado, ademais de facilitar vehículos de transporte colectivo ou individual, esta empresa actuou tamén como axente de viaxes por xunto e detallista, realizando estas actividades por medio de empresas filiais, particularmente *Viaxes Marsáns, S.A*. Pero como consecuencia dunha crise de notable entidade, entre 1981 e 1985 o Estado abandona o papel que viña desenvolvendo como empresario do transporte e axente de viaxes. Tras terse operado a correspondente venda de accións, o INI decide desprenderse de ATESA que viña dando perdas. Pouco despois chegaríalle a vez a *Viaxes Marsáns*, axencia que tamén se privatiza⁶.

Neste contexto de transferencia ao sector privado de activos concretos, os paradores non se privatizan aínda cando, como é natural, tamén lles afecta a crise referida. A Administración Turística Española (ATE) prosegue a súa xestión mantendo a súa tradicional natureza xurídica durante a década dos oitenta. Pero isto non significa que se obvие a necesidade de saneamento económico e financeiro da cadea. Nin moito menos. É precisamente tal necesidade a que motiva que en 1990 o devandito organismo autónomo se transforme na sociedade estatal “Paradores de Turismo de España, S. A”, transformación que completa a evolución da rede en canto ás formas xurídicas adoptadas e da que se dá cumprida conta no seguinte epígrafe.

II. A REDE DE PARADORES NO MARCO DA ADMINISTRACIÓN TURÍSTICA DO ESTADO: FUNDAMENTOS E EVOLUCIÓN EN CANTO ÁS FORMAS XURÍDICAS ADOPTADAS

As orixes dos establecementos que aquí se mencionan sitúanse a principios do século XX, época na que satisfacer a demanda do turista estranxeiro que visitaba o noso país e mellorar a imaxe internacional das pousadas e fondas españolas se revelaron como necesidades públicas manifestas. Así pois, prestar servizos turísticos nas mellores condicións xustificou a creación dunha estrutura hoteleira —daquela inexistente-, que nas cidades e lugares máis fermosos de España dese hospedaxe aos viaxeiros que se entraban na península. O proxecto así formulado someteuse á consideración do rei Alfonso XIII e en 1910 encomendouse a Benigno de la Vega-Inclán y Flaquer (marqués de la Vega-Inclán), que o impulsou desde a súa condición de Comisario Rexio de Turismo⁷. A esta Comisaría creada por *Real Decreto de 19 de xuño de 1911*⁸ e organicamente dependente da Presidencia do Consello de Ministros, debemos, polo tanto, a construción do primeiro establecemento da que sería a *Rede de Paradores Nacionais e Albergues de Estrada*.

De acordo coa proposta efectuada en 1926 polo Marqués de Vega-Inclán, o lugar elixido para a localización do primeiro destes aloxamentos foi a serra de Gredos⁹. No verán dese mesmo ano comezan as obras que rematarían o 9 de outubro de 1928 coa inauguración polo mencionado monarca do que sería, como dixeran, o primeiro establecemento turístico estatal. Durante algún tempo os seus hóspedes foron principalmente os interesados en practicar a caza, afición esta que desde sempre se atribuíu aos máis poderentes; pero co paso dos anos a idea de viaxar —ou do turismo, se se prefire— impúxose respecto doutro tipo de consideracións, de tal forma que progresivamente se transformou nunha actividade accesible a todas as persoas cun mínimo poder adquisitivo.

O que aquí interesa é que a expansión turística motivou a apertura de novos paradores en lugares escollidos a tal fin. A este respecto tívose en conta un criterio que debería seguirse en todo caso: que as distancias entre eles puidesen percorrerse nunha xornada nos coches da época. A ubicación de tales aloxamentos, polo tanto, nunca foi casual.

A calculada colocación dos paradores foi unha constante ao longo da súa historia, aspecto este que se relaciona estreitamente coa permanencia dos obxectivos básicos aos que obedecen. En síntese, a formulación que tradicionalmente se fixo —e que se segue facendo— radica, en primeiro lugar, en que o Estado debe favorecer a creación de prazas hoteleiras en lugares que malia o seu atractivo turístico resulten pouco rendibles para a iniciativa privada. Pero hai outro aspecto tamén importante, e é que sempre que sexa posible ha de optarse polo aproveitamento de edificios e recintos de recoñecida importancia histórica para a instalación do parador.

Inaugurado o Parador de Gredos, os esforzos diríxense a consolidar a estratexia inicialmente formulada. Trátase, en definitiva, de fomentar o turismo español mediante a instalación de novos Paradores en espazos monumentais e lugares de gran beleza natural. Este foi un dos encargos do *Padroado Nacional de Turismo*, que en virtude do *Real Decreto de 25 abril de 1928* substituíu á Comisaría Rexia e asumiu as súas funcións¹⁰. Non obstante, neste aspecto deben facerse certas precisións. Se o órgano precedente optara polo fomento do turismo ao obxecto de coordinar os diversos organismos competentes en materia turística, o Padroado Nacional foi máis alá; incidiu con maior intensidade no devandito fomento contribuíndo a mellorar a imaxe de España no ámbito internacional. Neste período xeneralízase unha política tendente a intervir na edificación de hoteis en determinados lugares e con determinada calidade, aprobándose un *Plan Xeral de Paradores* que se encomendou á denominada “Junta de Paradores y Hosterías del Reino” en 1928.

Desde entón a rede foi expandíndose progresivamente. Sucesivas inauguracións de paradores en Oropesa (Toledo-1930), Úbeda (Jaén-1930), Ciudad Rodrigo (Salamanca-1931) ou Mérida (Badajoz-1933) son claros exemplos de como se adecuaron as peculiaridades da hospedaxe coa restauración de castelos, palacios e conventos. Deste modo rescatáronse da ruína e do abandono monumentos vinculados ao patrimonio histórico español, evidenciándose o éxito da iniciativa proxeitada pola antiga Comisaría Rexia nun curto período de tempo. De feito, a construción doutros moitos paradores que seguiron ao de Gredos dotou a España dun atractivo turístico e dunha proxección internacional insólita naquela época. Pénsese que os anos trinta estiveron tristemente marcados polos conflitos bélicos. No ámbito internacional coinciden co período de entreguerras e no caso de España enmarcan a guerra civil.

Pero aínda que poida resultar un tanto sorprendente, tras a contenda librada na península o Estado promocionou o turismo oficial¹¹. Mesmo antes de que o conflito rematase creouse o *Servizo Nacional de Turismo*, que asumiu as funcións da Xunta de Paradores. Despois, por Lei de 8 de agosto de 1939, o devandito Servizo pasou a denominarse *Dirección Xeral de Turismo*. Este órgano estivo adscrito ao Ministerio da Gobernación ata 1951, ano no que pasou a depender do Ministerio de Información e Turismo¹². O cambio foi consecuencia da norma de creación deste Departamento ministerial —o *Decreto-Ley de 19 de abril (ou de xullo) de 1951*-, que encomendou ao novo Ministerio as competencias turísticas e á Dirección Xeral o exercicio de facultades de intervención directa no sector¹³.

Aos efectos que aquí interesan, o papel desempeñado por este órgano directivo é fundamental porque durante décadas tivo encomendada a xestión dos paradores. Neste extremo unicamente deben advertirse certos cambios de réxime xurídico. Se na fase inicial

do Ministerio é a propia Dirección Xeral de Turismo a que xestiona e explota a *Rede de Establecementos Turísticos do Estado*, desde 1958 tales funcións se encomendan á xa mencionada Administración Turística Española (ATE), que se constitúe como organismo autónomo dependente da citada Dirección Xeral¹⁴.

Pouco despois, en 1962, ATE pasa a depender da Subsecretaría de Turismo pero mantén a súa natureza xurídica, segundo se desprende dun *Decreto de 14 de xuño* do mesmo ano. Pero o cadro organizativo muda novamente tras a aprobación do Real Decreto de 210/1979, de 11 de marzo, que fixo depender á Administración Turística Española do recién creado *Ministerio de Comercio e Turismo*, a través da Dirección Xeral de Empresas Turísticas. Ben é certo, non obstante, que a reorganización non afectou á configuración e funcións de ATE, que continuou sendo un organismo autónomo dos previstos no parágrafo 1.b) do art. 4º da Lei Xeral Orzamentaria de 1979.

No período que acaba de referirse —é dicir, 1962/1979-, a Rede de Aloxamentos Turísticos do Estado experimenta un notable crecemento. Os estudos ao respecto afirman que na década dos sesenta chegou a contar cunha trintena de establecementos (entre albergues e paradores)¹⁵, un número que non deixou de aumentar nos anos posteriores.

Esta tendencia veuse mantendo á marxe dos cambios organizativos que afectasen á Rede. En virtude dunha Lei de Orzamentos do Estado de 1990, o organismo autónomo ATE transfórmase nunha sociedade estatal coa denominación de “Paradores de Turismo de España, S.A.”¹⁶. Por conseguinte, desde 1991 esta peculiar cadea hoteleira adopta a forma de sociedade anónima mercantil e ten personalidade xurídica propia, aspectos estes que non implican cambio ningún na titularidade das súas accións. O cen por cen destas pertencen ao Estado, o que significa, como é evidente, que o capital social da empresa é totalmente público. A este respecto debe advertirse, por último, que queda reservada á mesma a xestión hoteleira pero non a propiedade dos edificios, que pertence na súa maioría ao Patrimonio do Estado.

Con esta configuración chegou ao momento actual a rede de paradores. De acordo coa filosofía que tradicionalmente a inspirou, catorce deles están instalados en castelos, catorce en antigos conventos, nove en palacios, catro en casas de liñaxe, tres en recintos históricos, e corenta e seis en edificios de nova planta, dos cales dezaseis responden á arquitectura local. Así pois, ao obxecto de establecer unha clasificación pode dicirse que tales establecementos se configuran en inmobles de importancia histórica, monumental ou artística, ou ben en edificios de construción típica rexional. Nisto diferéncianse os chamados *paradores históricos* dos *paradores rexionais*¹⁷, que polo demais teñen en común certas características e obxectivos que se exporán ao longo das seguintes páxinas e que os individualizan con respecto a calquera outro aloxamento turístico.

Atendendo ao primeiro dos aspectos sinalados, os *aspectos que en esencia configuran a identidade dos paradores* son os seguintes¹⁸: primeiro, a súa estratéxica *situación* en lugares escollidos polo seu valor monumental ou pola súa beleza paisaxística; segundo, a súa *instalación* preferentemente en edificios de manifesto valor histórico ou artístico —non obstante, xa se sinalou que é tamén frecuente a construción de edificios de nova planta, suposto no cal deben adaptarse ao estilo da rexión ou da comarca na que se sitúan-; e terceiro e derradeiro, a súa *decoración acorde en todo caso coa* estética do contorno, e neste sentido, conforme ao “tipismo” da rexión.

III. ASPECTOS ESENCIAIS DO SECTOR PÚBLICO TURÍSTICO NA ACTUALIDADE: EXPLOTACIÓN COMERCIAL E PERMANENCIA DE FINS DE INTERESE PÚBLICO

A rendibilidade que comporta o turismo xustifica a progresiva asunción da actividade hoteleira por empresarios privados ata chegar a asumila case en exclusiva. Neste contexto, porén, os paradores non deixaron de ser xestionados e explotados polo Estado, cometidos que no momento presente desenvolve en concorrencia cos particulares e con sometemento ás regras do libre mercado. Estes matices un tanto obvios determinan que a actividade de xestión económica que desenvolve “Paradores de Turismo de España S.A” obedeza, en esencia, á obtención de rendibilidade que persegue calquera axente turístico. Pero isto non significa que o *status* da Administración e o do resto dos empresarios do sector se equiparen no tráfico privado. Nin moito menos, pois de acordo co art. 103.1 CE calquera forma de actividade administrativa debe xustificarse no servizo obxectivo ao interese xeral, aspecto este que diferencia de forma substancial os paradores de calquera outro aloxamento turístico. Polo demais, este importante matiz explica así mesmo a dobre cara que razoablemente comporta a xestión de tales establecementos. E é que se por unha parte a sociedade pública “Paradores” vén adoptando plans estratéxicos dirixidos a incrementar a competitividade e a eficiencia da rede, pola outra mantén o servizo a concretos fins de interese xeral cuxa permanencia xustifica a súa titularidade pública.

Nesta orde de consideracións, a sociedade responsable dos paradores pretende ofrecer un servizo de calidade diferenciado e optimizar a súa xestión ao obxecto de incrementar beneficios¹⁹. Esta formulación que, por certo, é idéntica á que a tal fin rexe a actuación do empresario privado, traducíuse no emprego de técnicas propias deste sector. Así o demostra a creación dun *departamento de innovación e desenvolvemento*, a realización de *auditorías internas* (dirixidas a revisar os sistemas de xestión e os equipamentos da cadea) e a reestruturación dun novo *departamento de Calidade e Desenvolvemento Sostible*. Isto último obedece á idea de que ambos os dous conceptos van unidos, pois un turismo de calidade como o que representan os paradores implica —ou debería implicar— un desenvolvemento soportable ecoloxicamente a longo prazo e viable en termos económicos. Ademais, a empresa que nos ocupa tivo en conta que o respecto ambiental redunda en melloras no aforro enerxético e de consumos, aforro que, segundo vén sosténdose, pasa pola eficiencia na xestión de recursos enerxéticos e naturais²⁰.

En suma, razóns como as mencionadas xustifican que, de forma progresiva, “Paradores” implantara nos seus establecementos un *sistema de xestión medioambiental* ao obxecto de acreditar a efectiva conservación do contorno no que se sitúan. Polo demais, calquera das medidas sinaladas obedece á consecución da excelencia empresarial que pretende todo operador —público ou privado— e que no caso da devandita empresa pública obedece á necesidade de ocupar un posto de liderado no sector sen que iso obstaculice o que ha de seguir sendo primordial: a súa actuación como instrumento da política turística do Estado, e neste sentido, ao servizo de diversos intereses públicos concorrentes.

O interese xeral despréndese dos obxectivos que tradicionalmente corresponderon á rede e que se cifran nos seguintes: primeiro, o *desenvolvemento económico en relación cun sector de importancia esencial para España como é o turístico*; segundo, a *defensa do patrimonio histórico de titularidade estatal*; e terceiro, a *difusión da riqueza cultural e paisaxística do noso país*. Estes constitúen os que razoablemente poden considerarse os obxectivos esenciais da rede, pero non son os únicos.

Desde o punto de vista dos intereses públicos en presenza, merece tamén ser salientado que os paradores suplen a ausencia de prazas hoteleiras en determinadas zonas do país nas que serven de polo de atracción á iniciativa privada, o que á súa vez redonda na *diversificación da oferta turística, menor saturación* dos destinos máis habituais —que son normalmente os de sol e praia-, e por conseguinte, menor deterioración ambiental²¹. Desde esta perspectiva os paradores contribúen notablemente ao desenvolvemento do “*turismo sostible*”, é dicir, aquel que non supón unha ameaza para o medio ambiente físico ou para os recursos culturais. Por outra parte resulta que, por análogas razóns, a súa actual xestión favorece o que se coñece como “*turismo alternativo*”, modalidade que comporta a promoción e defensa do patrimonio natural e cultural, garantindo ao tempo un turismo viable economicamente e equitativo desde o punto de vista de seus enclaves.

En fin, a permanencia destes fins de interese xeral lexitima a dos paradores na esfera pública e pon de manifesto que, malia as coincidencias e os paralelismos que poidan establecerse entre a actividade hoteleira convencional e a do ente xestor de tales establecementos, a xestión da rede difire da privada, particularmente naqueles aspectos que non comportan rendibilidade²². É por iso que se ben a actividade hoteleira en edificios singulares non é exclusiva de “*Paradores de Turismo de España*”, si o é, en cambio, ter sabido aunar eficazmente a actividade empresarial —ou se se prefire, de xestión económica— co fomento dos costumes e das actividades que son ou foron expresión relevante da cultura do noso país.

IV. PARADORES E A DEFENSA DO PATRIMONIO CULTURAL

A. Breves consideracións sobre a vinculación entre turismo e patrimonio: o turismo cultural

A modalidade turística que aquí se refire comprende calquera actividade consistente en “realizar viaxes, visitas e estancias a lugares xeográficos para coñecer os feitos históricos, artísticos, culturais e antropolóxicos que forman parte do patrimonio cultural da humanidade, a través dos monumentos histórico-artísticos, museos, manifestacións culturais e de espectáculos, rutas e itinerarios histórico-monumentais, asistencia a seminarios, simposios culturais, cursos de idiomas no estranxeiro, manifestacións folclóricas e antropolóxicas (artesanía, festivais de música, *folk*, xornadas gastronómicas, danzas típicas, etc.)”²³. Polo demais a devandita categoría non é senón un segmento do turismo vacacional que evolucionou de forma paralela ao concepto de patrimonio cultural, evolución que se traduciu nun crecente interese polos elementos que menciona o art.1 da Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español: inmoables e obxectos móbiles de interese artístico, histórico, paleontolóxico, arqueolóxico, etnográfico, científico ou técnico. Tales son os elementos que conforme ao mencionado precepto integran o noso patrimonio histórico, concepto que así mesmo comprende “o patrimonio documental e bibliográfico, os xacementos e zonas arqueolóxicas, así como os sitios naturais, parques e xardíns, que teñan valor artístico, histórico ou antropolóxico”²⁴.

No que aquí interesa, o turismo cultural representa en Europa un terzo da demanda —a mesma porcentaxe que o turismo de sol e praia— e no noso país conta cada vez con máis adeptos²⁵. Isto explica, entre outras razóns, o considerable aumento do número de hoteis españois instalados en edificios históricos e/ou monumentais, unha tendencia que comporta a crecente interconexión entre patrimonio cultural e turismo²⁶.

No ámbito xurídico fai tempo que se asumiu a realidade desta relación²⁷. Xa en 1964 a *Carta de Venecia de Conservación e Restauración do Patrimonio Histórico* destacaba a importancia

que revisten a protección e a conservación deste en orde á súa futura función social, toda vez que a deterioración e a desaparición dun ben do patrimonio cultural comporta un empobrecemento nefasto do acervo común dunha determinada sociedade.

Posteriormente perfiluse de forma máis nítida o concepto de “turismo cultural” vinculándoo ao de desenvolvemento sostible, o que implica apostar por unha xestión global dos recursos co fin de asegurar a súa permanencia e conservar o patrimonio natural e cultural. Iso pónse de manifesto na *Carta do Turismo Sostible* elaborada a resultas da Conferencia Mundial do Turismo Sostible que tivo lugar en Lanzarote, en 1995.

Como non podía ser doutro xeito, as institucións comunitarias non obviaron a importancia do turismo cultural como recurso e fonte de ingresos para os Estados membros, transcendencia que xustifica as súas recomendacións en orde a que desde este ámbito se propoña “unha oferta turística sostible e de calidade, facendo valer en particular a súa diversidade de paisaxes e a súa extraordinaria riqueza cultural”²⁸. Nestes termos pronunciouse a Comisión, que apoia esta forma de turismo alternativo mediante diversos proxectos e o apoio a cantas actividades sirvan á súa promoción.

Entre estas destaca a nova iniciativa “Encrucilladas de Europa”²⁹, dirixida a promocionar os itinerarios culturais europeos e a sensibilizar acerca do seu potencial turístico aos interesados, empresas, xestores de destinos turísticos e Administracións nacionais e locais. En canto ao por que da opción polo fomento de tales rutas, a Comisión xustifícaa no feito de que son transnacionais e representativas do patrimonio e dos valores comúns europeos. Actualmente hai vinte e nove itinerarios deste tipo que cruzan cidades, localidades e comunidades rurais de todo o continente e que presentan a Europa como destino turístico único³⁰.

Polo demais, calcúlase que o turismo cultural representa o corenta por cento do turismo europeo³¹. Dito isto, doadamente comprenderase que non sexa a Comisión a única que considera conveniente favorecer a devandita modalidade turística. O Consello de Europa non alberga dubida ningunha acerca das vantaxes da súa axeitada xestión —tanto desde o punto de vista económico como do incremento do emprego—, toda vez que ambas as dúas instancias avaliaron, con resultados positivos, o impacto da promoción dos itinerarios culturais nas pequenas e medianas empresas do sector³².

